

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 24 DE AGOSTO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de agosto de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Emilio Cuiñas Otero (non asiste), Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 17 de agosto de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Visto o expediente RIB-S/214/07, a nome de **dona María Asunción Rodríguez Abad**, con domicilio na Praza Fonte da Prata, No. 1-1º, CP.32400, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa Viñas, No. 7, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Visto o expediente RIB-S/215/07, a nome de **dona María Asunción Rodríguez Abad**, con domicilio na Praza Fonte da Prata, No. 1-1º, CP.32400, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa Viñas, No. 9-1º, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do

Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propondo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente RIB-S/215/07, a nome de **dona María Asunción Rodríguez Abad**, con domicilio na Praza Fonte da Prata, No. 1-1º, CP.32400, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa Viñas, No. 9-2º, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propondo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

3º. CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS

“Visto o expediente RIB/S/230.1/07, a nome de **don Aladino Pérez Pérez**, con domicilio na Rúa Porta nova de arriba nº11, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa Porta nova de arriba nº11, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propondo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Comunicación da CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, de data, 18 de agosto de 2009 con No.RE 5140, relativo ao un Convenio Marco de Colaboración para o desenvolvemento do Plan Nacional de Televisión Dixital Terrestre en Galicia, no que se solicita a colaboración do Concello de Ribadavia para a realización de instalacións e comprobacións necesarias no despregamento da TDT.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO